

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**7457** Orde FOM/1320/2016, do 28 de xullo, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga.

O Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga, que incorpora ao ordenamento interno español a Directiva 2000/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, ten por obxecto reducir as descargas ao mar dos refugallos xerados polos buques e os residuos do cargamento que transportan, impedir as descargas de carácter ilícito procedentes dos buques que utilicen os portos españois e mellorar a dispoñibilidade e o uso de instalacións portuarias de recepción dos ditos residuos e refugallos para incrementar así a protección do medio mariño. Con tal fin, o artigo 6 do citado real decreto regula o procedemento de comunicación previa da cantidade e tipo de residuos transportados que aplicarán os capitáns dos buques que arriben a portos españois, os cales, para isto, deberán cubrir o formulario que figura no anexo II ao dito real decreto e notificar tal información á capitanía marítima correspondente e á entidade xestora do porto, nas condicións establecidas polo indicado precepto.

O 15 de xullo de 2011, o Comité de Protección do Medio Mariño, da Organización Marítima Internacional (OMI), adoptou a Resolución MEPC.201 (62), que emenda o anexo V ao Convenio internacional para previr a contaminación polos buques (MARPOL), introducindo unha nova categorización máis detallada do lixo. O anexo V revisado do MARPOL entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2013.

Por esta razón e para preservar a coherencia coas medidas da OMI, a Directiva (UE) 2015/2087 da Comisión, do 18 de novembro de 2015, modificou o anexo II da Directiva 2000/59/CE para adaptar o cadro que nel figura á dita nova categorización do lixo.

Ademais, co fin de mellorar o réxime establecido en virtude da Directiva 2000/59/CE, que persegue a redución das descargas no mar dos refugallos xerados polos buques e os residuos de carga, a Directiva 2015/2087 incluíu no cadro do anexo II información sobre os tipos e cantidades de refugallos xerados polo buque que fosen realmente entregados nas instalacións portuarias de recepción no último porto de descarga. O motivo desta inclusión obedece a que os datos exactos sobre estas cantidades son esenciais para o cálculo, tamén exacto, da capacidade de almacenamento destinada a refugallos a bordo dese buque; a que, pola súa vez, o cálculo dunha capacidade suficiente de almacenamento é un requisito previo para autorizar o buque a dirixirse até o seguinte porto de escala sen ter entregado os seus refugallos, así como para a selección adecuada de buques para inspección; e a que, finalmente, unhas inspeccións mellor orientadas contribuirán a unha xestión máis eficaz do tráfico marítimo mediante a redución do tempo de rotación nos portos. Así mesmo, a recollida sistemática de datos exactos sobre a entrega de refugallos permitirá unha mellor análise estatística dos patróns de fluxos de refugallos nos portos e facilitará o establecemento do sistema de información e vixilancia previsto no artigo 12, sobre medidas complementarias, do Real decreto 1381/2002.

As citadas innovacións, ao introducir entre os datos que notificará o capitán do buque novas categorías de lixo, así como información sobre os tipos e cantidades entregadas de toda clase de refugallos e residuos entregados no anterior porto de escala, obrigan a modificar o anexo II do Real decreto 1381/2002, que contén o formulario co cal se debe cursar a dita notificación, co fin de que este recolla os espazos necesarios para consignar os novos datos exixidos.

A disposición derradeira segunda do Real decreto 1381/2002 habilita o ministro de Fomento para modificar o contido dos anexos cando sexa necesario recoller neles novos datos, co fin de exercer un mellor control da prevención do medio mariño.

Na súa virtude, co informe favorable do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por proposta da Dirección Xeral da Mariña Mercante, coa conformidade da Secretaría Xeral de Transporte e do secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo II do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga.*

O anexo II do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga, substitúese polo que figura como anexo desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do establecido nos artigos 149.1.20.<sup>a</sup> e 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúen ao Estado competencia exclusiva en materia de mariña mercante e portos de interese xeral e, respectivamente, para establecer a lexislación básica en materia de ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito interno español a Directiva (UE) 2015/2087 da Comisión, do 18 de novembro de 2015, pola que se modifica o anexo II da Directiva 2000/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre instalacións portuarias receptoras de refugallos xerados polos buques e residuos de carga.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 9 de decembro de 2016.

Madrid, 28 de xullo de 2016.—O ministro de Fomento, P. S. (Real decreto 298/2016, do 18 de xullo), o ministro de Xustiza, Rafael Catalá Polo.

## ANEXO

## ANEXO II

## Modelo de notificación antes de entrar no porto de destino

(Anverso)

1	Nome do buque (Name)			Número OMI (IMO number)	
	Distintivo de chamada (Call Sign)		Bandeira (Flag)		
2	Compañía (Company)			Número OMI (IMO number)	
3	Data e hora estimada de chegada (ETA) (Estimated date and time of arrival)	____/____/____		____:____	
4	Data e hora estimada de saída (ETD) (Estimated date and time of departure)	____/____/____		____:____	
5	Anterior porto de escala (Previous port of call)		País (Country)		
6	Próximo porto de escala (Next port of call)				
7	Data da última entrega de refugallos. (Date of the last waste-generated delivery)	____/____/____			
	Porto da última entrega de refugallos. (Port of the last waste-generated delivery)				
8	Neste porto solicito (In this port would like): (*)				
	Entregar todos os refugallos (Deliver all waste)		Entregar parte dos refugallos (Delive some waste)		
	Non entregar refugallos (Do not deliver waste)				

(\*) Marcar o que corresponda (Tick appropriate)

9. Os refugallos que se entregarán e/ou os que permanecerán a bordo, así como a capacidade de almacenamento máxima, figuran no reverso desa notificación.  
(Waste that will be delivered and/or those which will remain on board, as well as the maximum storage capacity appear at the back of this document)

CONFIRMO que os datos contidos neste documento son exactos e correctos, e que existe a bordo suficiente capacidade específica para almacenar todos os refugallos xerados entre esta notificación e o próximo porto en que entregarei refugallos.  
(I CONFIRM that the information of this document is accurate and correct and that there is sufficient dedicated onboard capacity to store all waste generated between notification and the next port at which waste will be delivered)

Data (Date): \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

Hora (Time): \_\_\_\_:\_\_\_\_

O capitán (Master)

## Notas

- Esta información poderase utilizar para os efectos de control do Estado do porto e doutros fins de inspección.
- Os Estados membros determinarán que organismos recibirán copias da notificación; en España, o orixinal desta notificación dirixirase á capitania marítima e á entidade xestora do porto en cada porto de escala.
- Este impreso deberá cubrirse, salvo se o buque se acolle á exención prevista no artigo 9 do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga (artigo 9 da Directiva 2000/59/CE).

## Notes

- This Information may be used for port State control and other inspection purposes.
- Member States will determine which bodies will receive copies of this notification: in Spain, the original of this notification shall be addressed to the Harbour Mastery and to the port manager body of each port of call.
- This form is to be completed unless the ship is covered by an exemption in accordance with article 9 of Real Decreto 1381/2002, December 20, on port reception facilities for ship-generated waste and cargo residues (Article 9 of Directive 2000/59/EC).

(Reverso)

Se vai entregar todos os refugallos, complete a segunda e últimas columnas segundo corresponda  
(If delivering all waste, complete second and last columns as appropriate)

Se vai entregar parte dos refugallos ou non vai entregar ningún, complete todas as columnas  
(If delivering some or no waste, complete all columns)

REFUGALLOS DO BUQUE (SHIP'S WASTE) (m <sup>3</sup> )						
Tipo (Type)	Para entregar (Waste to be delivered)	Capacidade máxima de almacenamento (Maximum dedicated storage capacity)	Quedan a bordo (Amount of waste retained on board)	Porto en que se van entregar os refugallos restantes (Port at which remaining waste will be delivered)	Estimación da cantidade de refugallos que se van xerar entre a notificación e o porto de escala seguinte. (Estimated amount of waste to be generated between notification and next port of call)	Cantidade de refugallos entregados no último porto de descarga indicado no punto 7. (Waste that has been delivered at the last port of delivery identified under point 7 above)
<b>1.- Refugallos oleosos (Waste Oils) ANEXO I MARPOL</b>						
Auga oleosa de sentina (Oily bilge water)						
Residuos oleosos (lodos) (Oily residues (sludges))						
Outros (especificuense) (Other: specify)						
<b>2.- Augas sucias (Sewage) (1) ANEXO IV MARPOL</b>						
Augas sucias. (Sewage)						
<b>3.- Lixo (Garbage) ANEXO V MARPOL</b>						
Plásticos (Plastic)						
Restos de alimentos (Food wastes)						
Refugallos domésticos (por exemplo, produtos de papel, trapos, vidro, metais, botellas, louza, etc.) (Domestic wastes (e.g. paper products, rags, glass, metal, bottles, crockery, etc.))						
Aceite de cociña. (Cooking oil)						
Cinzas de incinerador. (Incinerator ashes)						
Refugallos de explotación (Operational wastes)						
Cadáveres de animais. (Animal carcass (es))						
<b>4.- Residuos de carga (2) (Especificuense) (3) (Cargo residues) ANEXOS I, II e V MARPOL</b>						
Lavaxes - Anexo I (Tank washing - Annex I)						
Lavaxes - Anexo II (Tank washing - Annex II)	X					
	Y					
	Z					
Outros (Others)						
<b>5.- Substancias do anexo VI de MARPOL (MARPOL Annex VI related substances)</b>						
Que esgotan a capa de ozono (Ozone-depleting substances)						
Residuos de limpeza de gases de escape (Exhaust gas-cleaning residues)						

(1) As augas sucias pódense descargar no mar, de acordo coas disposicións da norma 11 do anexo IV do Convenio MARPOL. Non cómpre cubrir todos os recadros correspondentes se a intención é efectuar unha descarga autorizada no mar.

(1) (Sewage may be discharged at sea in accordance with Regulation 11 of Marpol Annex IV. The corresponding boxes do not need to be completed if it is the intention to make an authorized discharge at sea.)

(2) Poden ser estimacións.

(2) (May be estimates).

(3) Os residuos de carga especificaranse e categorizaranse conforme os pertinentes do MARPOL, en particular os anexos I, II e V.

(3) (Cargo residues shall be specified and categorised according to the relevant Annexes of Marpol, in particular Marpol I, II and V).